

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2018

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

**PDI contratado**

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

**Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

**Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

**PAS**

Rodríguez Bouzas Josefa

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Valín Fernández, Alberto

Vaquero Díaz, María Beatriz

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o martes 18 de decembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 27 de novembro e ás sesións extraordinarias do 10 de outubro\*, 31 de outubro\* e 5 de decembro de 2018.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos avaliados pola comisión de calidade celebrada o 30 de novembro de 2018.
  - a) Plan estratéxico da Facultade de Historia.
  - b) Posible difusión dos valores en positivo da enquisa de satisfacción do alumnado de grao no curso 2017-2018.
  - c) Proposta de substitución da metodoloxía nas guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.
  - d) Informe relativo ás necesidades do PAS da Facultade de Historia do Campus de Ourense.
5. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

**1.- Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 27 de novembro e ás sesións extraordinarias do 10 de outubro\*, 31 de outubro\* e 5 de decembro de 2018.**

Como se indicaba cun asterisco na convocatoria, as actas das sesións extraordinarias do 10 de outubro e 31 de outubro deberían ser sido aprobadas

na sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2018, pero por un erro non se incluíron na orde do día da citada sesión.

Feita esta aclaración apróbanse as actas por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Indica a decana que o luns participou nunha reunión coa vicerreitora de responsabilidade social, internacionalización e cooperación, María Isabel Doval, onde se comentaron os proxectos a desenvolver en materia de internacionalización por parte da Universidade de Vigo. Nesa reunión asistiu a directora de área de internacional que é profesora na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Na xuntanza fíxose evidente a desconexión do Campus de Ourense da ORI, o que limita as actividades a desenvolver e sobrecarga as tarefas das coordinadoras de internacional. Hai centros como a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo que teñen moito alumnado Erasmus e asumen funcións inapropiadas como por exemplo buscarlle aloxamento ao alumnado. Xa hai anos que se suprimiu a bolsa de colaboración do campus e agora a Asociación de antigos Erasmus que os axudaba non está operativa. Respecto a outros temas, a vicerreitora mostrou o seu interese en que cada centro tiña o seu propio proxecto internacional. Informou tamén sobre unha convocatoria de mobilidade do profesorado con países non europeos que podería ser moi interesante por exemplo, nas relacións que mantén o centro con Sarajevo. O campus de Ourense, non ten participación neste proxecto. Solicitouse por parte dos centros que a ORI se aproxime ao campus e que se proporcione máis información de todas as convocatorias, así como unha vindeira xuntanza para tratar a problemática específica dos centros do campus.

En relación á solicitude do profesor Jesús de Juana para ser profesor emérito, a decana propón que a Xunta de Facultade manifieste a súa adhesión á súa petición tramitada polo Consello de Departamento de Historia, Arte e Xeografía que tivo lugar na hora anterior. Todos os membros presentes están de acordo coa proposta e remitírase á secretaría xeral o acordo correspondente.

## **3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.**

A decana da lectura ás solicitudes de quinquenios solicitadas polos profesores, Ladislao Castro Pérez, Francisco José Ledo Lemos, e María López Díaz.

Apróbanse por asentimento.

#### **4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos avaliados pola comisión de calidade celebrada o 30 de novembro de 2018.**

##### **a) Plan estratéxico da Facultade de Historia.**

O plan estratéxico foi debatido en profundidade na Comisión de Calidade celebrada o 30 de novembro onde se tiveron en conta as aportacións orais e as que achegaron previamente por escrito. Incorporáronse todas as suxestións ao novo documento que hoxe se presenta.

Trátase dun documento bastante realista no que se define o proceso evolutivo e os plans de futuro da facultade. Xa era un proxecto de hai uns anos, pero a área de Calidade suxería agardar a formalización do Plan Estratéxico da UVigo que non está operativo desde o ano 2014, polo que tanto á decana como ao profesor Antonio Presedo tomaron a iniciativa de abordar este novo reto.

Dentro dos aspectos a destacar están as necesidades de incrementar o cadro de persoal docente e investigador que perdemos dun xeito paulatino sen reposición. O profesor Francisco Pérez leva xa fora cerca dun ano e están previstas dúas xubilacións neste curso, a de Jesús de Juana e a de Carlos Sixirei. A decana ten solicitada unha entrevista co reitor e o vicerreitor de profesorado para a volta do Nadal, na que se solicitará cal é a folla de ruta específica para a Facultade de Historia e para o Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

O profesor Antonio Presedo considera recomendable que os membros da Xunta lean este documento para aportar máis perspectivas. O profesor Julio Prada propón que se aprobe o plan estratéxico para levalo a citada reunión.

Intervén a profesora María López para explicar que hai persoal pero que non está fixo, e que as xubilacións están moi próximas. O profesorado asociado non ten a obriga de manter o nivel de implicación do profesorado con vinculación permanente.

Acórdase proporcionar un prazo de dúas semanas para que todas as persoas interesadas manifesten a súa opinión, e realicen as suxestións necesarias para enriquecer aínda máis o plan estratéxico da facultade que hoxe se presenta.

Apróbase por asentimento.

##### **b) Posible difusión dos valores en positivo da enquisa de satisfacción do alumnado de grao no curso 2017-2018.**

Trátase dun documento que valora os aspectos que melloraron no grao a partir das enquisas de satisfacción, a recomendación da súa elaboración

provén da área de Calidade. Publicarase na páxina web da facultade no apartado de enquisas.

Apróbase por asentimento.

**c) Proposta de substitución da metodoloxía nas guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.**

Apróbase por asentimento

**d) Informe relativo ás necesidades do PAS da Facultade de Historia do Campus de Ourense.**

A decana explica que se trata dun informe que se lle solicitou á administradora de campus quen remitiu un documento practicamente igual (agás un parágrafo sobre a ocupación do edificio do campus auga que se eliminou), ao do ano anterior. A decana foi persoalmente a falar con ela suxeríndolle que introducira algún cambio, pero non houbo resposta positiva. A administradora argumentou que as necesidades eran as mesmas este ano que o anterior.

Apróbase este informe, aínda que na comisión de calidade valorarase consultar directamente ao PAS para que informe puntualmente das súas necesidades.

## **7.- Rolda de intervencións.**

Non se formulan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 18 de decembro de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba